


8- MARZO: DÍA DA MULLER



CAMIÑO DE SANTIAGO PROXECTO DE CENTRO



LECTURAMOS O BLOQUE DA BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

8 de marzo: Día da muller

Co auxe do Camiño de Santiago no século XII, o forte polo de atracción no que se converteu para os cristiáns o sepulcro do Apóstolo Santiago levou a multitude de mulleres a emprender as distintas rutas xacobeas.


A maioría das que decidiron realizar a súa peregrinación permanecen no anonimato, aínda que todas e cada unha das que deron un paso polos camiños de barro e pedra forman parte da historia do Camiño.

Tanto as raíñas como as mulleres pertencentes á nobreza xogaron un papel fundamental no que hoxe é o Camiño, contribuíndo fundamentalmente ao seu desenvolvemento mediante a fundación de igrexas ou albergues e a construción de pontes e infraestruturas viarias que fixeron das peregrinacións a Santiago unha experiencia máis segura. Exemplo diso son a Ponte da Raíña (sobre o río Arga), promovida por *Muniadona de Castela*, tamén chamada a Maior; a Colexiata de San Sidorro, cuxa construción foi ordenada por *Sancha de León* xunto ao seu marido Fernando I o Magno; ou o Convento de Santa Clara, fundado extramuros da cidade de Santiago de Compostela grazas ás doazóns da esposa do rei Alfonso X o Sabio, *Violante de Aragón*.

A fe e devoción cristiás, o cumprimento dunha promesa ou a procura dunha cura para unha enfermidade convertéronse en motivacións suficientes para embarcarse no traxecto a Compostela, Roma ou Terra Santa, deixando atrás os perigos e dificultades que a aventura puidese entrañar.

Na Idade Media as mulleres necesitaban un permiso relixioso que as autorizaba a deixar marido e fillos para mergullarse nesta experiencia. Algunhas tardaban ata tres anos en regresar, e moitas víanse obrigadas a facer testamento antes de partir, debido á incerteza do regreso a casa, aínda que tamén existía a posibilidade de contratar a alguén que fixese o Camiño por elas tras o seu falecemento, deixando para iso certa cantidade de diñeiro.

Co paso do tempo e o cambio de rol que xoga a muller na sociedade de hoxe en día, o número de peregrinas multiplicouse de forma exponencial chegando a superar o número de homes.




Que é?

- O Camiño de Santiago ou Ruta Xacoba denominase a ruta que seguen os peregrinos para venerar o sepulcro do Apóstolo Santiago en Compostela ou Santiago o Maior. O Camiño de Santiago foi a ruta de peregrinación máis importante da Europa medieval.

“Esta non é unha viaxe calquera, é unha experiencia existencial, a emoción de chegar a un lugar santo non pode explicarse en palabras”
Dama xermánica anónima. Camiño de Santiago na Idade Media

“Venid ahora vosotras, esclavas mías, hermosas hijas del libre pensamiento, que lucháis por romper unas cadenas que sólo desata la muerte; valientes amazonas que no vaciláis en medir vuestras fuerzas con el gigante invisible que os vence...”
(Rosalía de Castro)

Mural de Laura Romero



Laura Romero é ilustradora, licenciada en Belas Artes, e baixista do grupo Zënzar (o grupo que veu dar o concerto ao centro en outubro). A música e o interese pola visibilidade das mulleres adoita estar presente no seu traballo como ilustradora, tanto nos proxectos propios coma nos encargos, e este mes estivo no centro para pintar un mural moi ben situado (entre as aulas de música, galego e debuxo) no que as mulleres da música galega son as protagonistas. “MÚSICAS GALEGAS ILUSTRADAS” e, en concreto, “UNHA MÚSICA NO INSTI!” é un proxecto artístico presencial e virtual pensado para xente moza que consiste na creación de diferentes murais de pequeno tamaño espallados en diferentes centros de ensino co obxectivo de familiarizar ás novas xeracións coas mulleres referentes da nosa música. No noso centro lembra a **Sofía Espiñeira**, murgadesa de pro e gañadora do Premio Martín Codax 2022, e ao grupo de pandereteiras **Lilaina**. A proposta de Laura Romero foi galardoada no Premio «Luísa Villalta» de proxectos pola igualdade convocado pola Deputación da Coruña.

Peregrina



A nosa peregrina Luisa móstranos os principais atributos do peregrino medieval: a cuncha de vieira, a capa, a esclavina, o bordón e o zurrón. Traballo feito polo alumnado de Proxecto Competencial (3º ESO B)

Microrrelato

E INTENTARÍAO MIL VECES...

Marcos era incrível. Era un rapaz que todo comprendía. Podería dicirlle calquera loucura que pasara pola miña mente, que sempre a entendería. Nunca na miña vida coñecera a alguén así. É unha das poucas persoas que entendía como realmente me sinto. Mantiñamos unha gran confianza tras falar tanto e de feito, estivemos tratando de vernos moitas veces, mais nunca chegamos a coincidir. Posuíamos un vínculo máis ben virtual. Pero chegou un día, non sei nin como, no que deixamos de falar. Non houbo motivo aparente, simplemente lle escribín unha, dúas, tres, catro... Ben, indefinidas veces. Incluso o chamei, pero nada. Xa non volví saber máis del... Ata o día de hoxe. Un número oculto, escribíume, dicíndome que facía dous días que Marcos se quitara a vida. Sen máis detalles, a mensaxe chegou así. A verdade é que non sabía o que pensar. El nunca comentara ningún pensamento que tivera. Eu non tiña nin idea de como estaba. E é así como a vida é de inxusta cunha persoa. Podes ter todo nun día e ao seguinte, perder todo canto posuías sen saber como.

Por iso, dende aquí, dende a miña fiestra, sigo pensando que facer:

Noemí Abeal

Días mundiais e internacionais

O mes de marzo, como o resto de meses, está cheo de celebracións. Algunhas son moi coñecidas: o 8 reivindicamos os dereitos das mulleres, o 14 co número pi ($\text{marzo}=3/\pi=3,14$) celebramos o día das matemáticas (neste centro sinónimo de Covadonga), o 19 lembramos aos nosos pais... Hai días que nos levan a celebrar a arte da man da poesía (o día 21), do teatro (o día 27) ou dun dos instrumentos musicais máis completos: o 29 é o día do piano. Outros lembran a importancia de coidar o noso planeta: o 21 é o día internacional dos bosques, o 22 é o día da auga, fonte de vida, o 25 celebramos a hora do planeta, e o 26 é o día do clima. Hai un día para leer a Tolkien, o 25 (por certo, o 25 de marzo é, segundo o calendario da Comarca, cando é destruído o Anel Único), e outro para lembrar á tortilla de pataca: o 9 de marzo. Un mes moi completo o de marzo, aínda que non están recollidas aquí todas as celebracións. O importante é celebrar cada día de cada mes de cada ano, e así todos os días poderían ser como o día 20 deste mes: o día da felicidade.

Óscar Fernández

Óscar Fernández Allegue, Campión de España Cadete masculino de Remoergómetro en 2022 volveu subir ao máis alto do podio no Campionato Galego de remo indoor e no Campionato de España de Remoergómetro 2023. Noraboa

Óscar 🙌🙌🙌🙌



1 Reto Camiño inglés: entrega de premios

Parabens a todos-as!! Agora o seguinte obxectivo é completar o segundo reto (50 km) e estar presente na seguinte entrega de premios (e a poder ser acadar a máxima distancia percorrida). Se todavía non participaches no reto rexístrate na aplicación **Strava** e únete a estes peregrinos virtuais que están a facer unha chea de quilómetros.



ENGLISH

I do not want to have you
To fill the empty parts of me
I want to be full on my own
I want to be so complete
I could light up a whole city
and then
I want to have you
Cause the two of us combined
Could set it on fire
-Rupi Kaur

SPANISH


Yo no quiero tenerte para
Llenar las partes de mi misma
Yo quiero llenarme a mi misma
Yo quiero estar completa
Yo podría iluminar una ciudad
y luego
yo quiero tenerte
Porque la combinación de los dos
Es capaz de hacer fuego
-Translation by Nico & Martin (1*BAC)

FILIPINO

Hindi ko gusto na
Punan mo ang aking mga kakulangan
Gusto kong ako ang kumumpleto sa akin
Gusto kong maging lubos na kumpleto na
Mapapaliwanag ko ang isang buong siguridad
At saka kita
Gustong makamtan
Dahil ang ating pag-isa
Ay kayang palyubin ito
-Translation by Bea

O departamento de inglés celebra o día da poesía

Arte no Camiño



Santa Cristina de Lena


Nos Camiños do Norte destaca a igrexa de Santa Cristina de Lena, datada a mediados do século IX dentro do período ramirense do prerrománico asturiano. Trátase dunha construción sinxela non exenta de encanto; de feito é un dos tesouros das vías xacobeas. Entre los aspectos máis destacados do templo, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1985, podemos destacar a complexidade espacial interna, a rica articulación dos muros tanto no interior como no exterior; e a presenza nos relevos escultóricos de representacións de animais e guerreiros a cabalo. Está situada nunha das principais entradas que había a Asturias desde o alto do Cordal, cando Alfonso VI de León asistiu en Oviedo á apertura da Arca Santa, e ese foi o roteiro que seguiron os primeiros romeiros do Camiño do Salvador.



22- marzo: Día da auga

ANTES NO CAMIÑO

O culto ás augas, reflectido en fontes, ríos e mananciais, foi unha constante no mundo occidental e a súa influencia chegou ata os nosos días. Este culto, moi vinculado aos santuarios que balizaban os antigos camiños de peregrinación, pervive efectivamente hoxe en día manifestándose dunha forma cotiá ante o paso dos peregrinos. Moitos templos viñeron a cristianizar a existencia dunha homenaxe antiquísimo ás augas. En Galicia existen numerosas mostras, entre as que cabe citar Santa Mariña de Augas Santas, moi preto do Camiño Mozárabe; A Nosa Señora da Escravitude, no Camiño Portugués, ou Nosa Señora das Neves, na Prolongación a Fisterra. Mesmo se poden atopar exemplos de ninfeos pagáns, como no caso de Santa Eulalia de Bóveda, nas proximidades do Camiño Primitivo.



Traballo feito polo alumnado de Proxecto Competencial (3º ESO B)

Podcast: Cancións no Camiño

Non te perdas as cancións feitas e interpretadas polo alumnado de Atención Educativa de 1º Bach. Gravación e edición de son: Bea Roxana Bautista




No Camiño



No Camiño II


Ex libris

O alumnado de Investigación de 2º B da ESO deseñou os seus propios ex libris



Táboa periódica de sentimentos

Feita polo alumnado de 3º ESO baixo a dirección de Guillín



Canguro matemático

O 16 deste mes alumnado de distintos grupos e niveis participou no Canguro Matemático

